

**O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RATIFICA A CONDENA A MONTAXES AGORPA,S.L. POR PERSECUCIÓN SINDICAL A CC.OO.****Vigo, a 20 de decembro de 2016**

CCOO de Industria - Galicia sufreu persecución sindical nas eleccións “celebradas” en Montaxes Agorpa en febreiro deste ano. Así o afirmaba a Sentenza de Primeira Instancia do Xulgado do Social nº 1 de Vigo en maio pasado, e así o ratificou o T.S.X.G. a semana pasada.

O Tribunal, que ratifica a sanción económica imposta á empresa, e ademais condena a costas aos recorrentes por falla de xustificación nas súas alegacións, constata que houbo trato de favor por parte do xerente de Montaxes Agorpa, Alfonso Otero Montero, cara á candidatura de UGT na fábrica. Ademais, o que engade gravidade ao comportamento da dirección, recoñece que foron verquidas nunha xuntanza ameazas e coaccións aos traballadores e traballadoras “para que non apoíaran a candidatura de CC.OO.”, con argumentos peregrinos do tipo “os delegados de CC.OO. non queren convenio propio en Agorpa”, “perderemos os contratos que estamos a negociar” e outros de estilo semellante.

Para CCOO de Industria estes son comportamentos noxentos que deben ser atallados por todos os procedementos legais e de inspección laboral previstos, e que amosan algo que todos e todas vemos no día a día dos procesos electorais nos tallos: que a representación empresarial incumpe reiteradamente o principio básico recollido no Estatuto dos Traballadores respecto das Eleccións Sindicais. O E.T. esixe da representación empresarial A SÚA ABSOLUTA NEUTRALIDADE. Que tomen nota e que non se chamen a enganos.